



oficios en acción

días europeos da artesanía na coruña

sábado e domingo, 2 e 3 de abril

inscríbete!

Dous días para participar en sete obradoiros da man de artesáns profesionais e celebrar a festa da artesanía.

Este ano **Oficios en acción** terá lugar no **Centro Cultural Ágora da Coruña** (Rúa Ágora, s/n, 15010, A Coruña). www.bit.ly/ubicacion_agora

Participación **gratuita** e para todos os públicos (excepto o obradoiro de esmalte ao lume que é para maiores de 10 anos) ata completar o aforo. Non é necesario ningún coñecemento previo (salvo no caso dos obradoiros de xoiería e coiro que require uns coñecementos básicos de ferramentas comúns).

Horarios:

Sábado, 2 de abril: de 11 a 14 e de 16:30 a 20:30 horas.

Domingo, 3 de abril: de 11 a 14 horas.

Desenvolveráanse **actividades de demostración de oficio** de:

Olería

impartido por Pilar Gómez do Obradoiro Marilá.

Demostración de torno de pe. Participación voluntaria para subir ao torno e experimentar facer unha peza, coa axuda da artesá. Domingo, 3 de abril de 11 a 14 horas.

Tecido en tear

impartido por Luísa Estévez de Obradoiro Belategui Regueiro.

www.belateguiregueiro.com

Explicación dos procesos ó público asistente dende a montaxe do tear até o fin do proceso de tecido. Exposición de materiais e pezas en distintas fases. Sábado, 2 de abril e mañá do domingo, 3 de abril.

Talla de vidro

impartido por Eugenio Soto do Obradoiro Corman.

Co torno eléctrico demostraranse os procesos de traballo: marcado, rebaixado, afinado e pulido. Exposición de pezas. Sábado, 2 de abril e mañá do domingo, 3 de abril.

Talla de madeira

impartido por Carlos Graña do Obradoiro Verdecima.

www.facebook.com/carlos.granaamoedo

Demostración a partir dunha peza de castaño, da creación dunha cunca. Sábado, 2 de abril e mañá do domingo, 3 de abril.

E **actividades de participación** con **inscrición previa** necesaria:

Obradoiro de esmalte ao lume

Impartido por Olga Brea do Obradoiro Ardentia.

www.ardentia.es

Obradoiro de esmalte ao lume sobre prata de Lei 925. Neste obradoiro poderás realizar o esmaltado dun colgante para levar, pasando por todos os procesos técnicos necesarios.

Inscricións en: www.bit.ly/obradoiroesmalte

Obradoiro de trenzado de coiro

Impartido por Isaac Romero do Obradoiro Coiraxe.

www.facebook.com/colRaxeGalicianLeatherCrafts

O sábado elaborárase unha pulseira e o domingo pola mañá un chaveiro. Para este obradoiro é necesario ter un coñecemento previo no trenzado en coiro ou noutros materiais.

Inscricións en: www.bit.ly/obradoirocoiro

Obradoiro con tear de baixo lizo

Impartido por M^a José Lois Vázquez do Obradoiro Cuaderna Maestra.

www.cuadernamaestra.jimdofree.com

Obradoiro participativo con tear de baixo lizo e bastidores de alto lizo, estes últimos especificamente pensados para nenos e nenas. Cada participante pode estar tecendo entre 15 e 30 min para poder facer unha pequena peza e poder levala.

Inscricións en: www.bit.ly/obradoirotear

Obradoiro de elaboración dun brazaletes de xoiería

Impartido por Mario López do Obradoiro Mario López Joyería de Autor.

www.mlopezjoyas.wixsite.com/autor

Obradoiro de realización dun brazaletes a partir da reutilización dunha culler ou garfo antigos de alpaca ou prata, que poderanse traer da casa, ou no seu defecto pode aportalo o propio artesán. Para este obradoiro é necesario ter un coñecemento básico de manexo de ferramentas comúns.

Inscricións en: www.bit.ly/obradoirobrazaletesxoia

Obradoiro bonecos de cartón pedra

Impartido por Electra Menéndez do Obradoiro Pedras de Papel. Artesanía e Patrimonio.
www.instagram.com/pedrasartesan

Aproveitando que o sábado, 2 de abril é o Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, desenvolverase un obradoiro aberto e colaborativo no que se realizarán pequenos bonecos de cartón pedra e pasta de papel de personaxes de conto.

Inscricións en: www.bit.ly/obradoirocartonpedra

Obradoiro de calceta

Impartido por Guadalupe Rodríguez do Obradoiro Crafty Lu.
www.craftylu.com

Obradoiro participativo para o sábado pola tarde onde cada participante poderá tecer un gorro de la coa técnica de agullas circulares.

Inscricións en: www.bit.ly/calceta

Obradoiro de cestería

Impartido por Julia de la Cal do Obradoiro La Parabólica.
www.laparabolica.com

Obradoiro participativo e colaborativo durante todo o sábado de cestería onde realiza rase unha construción con vimbio.

Inscricións en: www.bit.ly/obadoirocesteria

Oficios en acción é unha actividade organizada pola Asociación Galega de Artesáns que conta coa axuda do Concello de A Coruña e a colaboración da Fundación Pública de Artesanía de Galicia.

Podes ver todas as actividades dos Días Europeos da Artesanía na seguinte ligazón:

www.diasdelaartesanias.es

